I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

Orde do 27 de xuño de 2008 pola que se modifica a do 7 de abril de 2008 pola que se regula a composición e funcionamento do Comité Asesor de Habitabilidade.

Publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 71, do 14 de abril de 2008, a Orde do 7 de abril de 2008 pola que se regula a composición e funcionamento do Comité Asesor de Habitabilidade, estímase a conveniencia de integrar nel un representante dos construtores de Galicia, polo que procede modificar o artigo 7 da devandita orde.

Tendo en conta que o artigo 5 e a disposición derradeira primeira do Decreto 262/2007, do 20 de decembro, polo que se aproban as normas do hábitat galego dispoñen que compete ao titular da Consellería de Vivenda e Solo a determinación da composición do Comité Asesor de Habitabilidade, e en virtude das atribucións que me outorga o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modifícase o artigo 7.1º da Orde do 7 de abril de 2008 pola que se regula a composición e funcionamento do Comité Asesor de Habitabilidade e engádese unha nova letra h) do seguinte teor:

«h) Un representante da Federación Galega da Construción».

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2008.

Teresa Táboas Veleiro
Conselleira de Vivenda e Solo

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Decreto 142/2008, *do 26 de xuño, polo que se desafecta do dominio público un inmoble situado no concello de Monforte de Lemos, antiga caseta de legoeiros.*

A Comunidade Autónoma de Galicia é titular das antigas casetas de legoeiros en virtude do Real decreto 2708/1983 sobre transferencias de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de estradas, que concretamente no seu anexo, parágrafo F) c) establece que «se traspasan á Comunidade Autónoma de Galicia os bens inmobles afectos ás estradas transferidas, descritos na relación 2.3º, especificando parcelas, viveiros, almacéns, casas de legoeiros...anexas ás estradas transferidas».

O artigo 10.1º da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, sinala que cando os bens e dereitos non fosen necesarios para o cumprimento dos fins determinantes da súa afectación, cesará a súa natureza demanial e adquirirán a condición de patrimoniais, sen prexuízo, se é o caso, do dereito de reversión nos termos de lexislación da expropiación forzosa respecto daqueles bens adquiridos por este título.

O punto segundo do antedito artigo establece que a desafectación dos bens de dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia deberá facerse mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, logo de instrución do expediente pola Consellería de Economía e Facenda, por instancia da consellería interesada, e sempre que se acredite a desaparición das causas xustificativas da afectación.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes manifestou que este ben non é necesario para o cumprimento dos fins determinantes da súa afectación.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda e logo da deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día vinte e seis de xuño de dous mil oito,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Desaféctase do dominio público o ben descrito a continuación:

Inmoble situado no concello de Monforte de Lemos, na estrada Monforte-Castro Caldelas LU-601, p.q. 28, dunha superficie rexistral de 6.000 m² que conta segundo o rexistro da propiedade cunha casa con baixo e piso de 40 m² e un garaxe de 60 m². Linda: norte; Manuel Díaz Rodríguez; sur, regueiro dos Picos; leste, estrada LU-601 de Monforte a Castro Caldelas; oeste, José César Vázquez. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos no tomo 745, libro 306, folio 173, predio 31.583. Referencia catastral: 2886024PH2028N0001ZG.

Artigo 2º

O inmoble anteriormente descrito adquire natureza patrimonial.